

OBRADOIRO DE CREACIÓN LITERARIA

Primeiro día

Luns

Explíqueilles a dinámica a seguir durante estes días. Con toda a intención, pedinlles que un por un, de pé e diante dos seus compañeiros, foran lendo unha páxina do libro escollido para o primeiro día: ***O neno sen nome***, escrito por Teresa Sabaté e Carme Solá, publicado por Baía Edicións. Así o fixeron.

Por que este libro?

Esta serie de libros está moi ben escrita, lense moi ben e ademais vexo que lles gustan aos cativos, sobretudo cando despois de que o fagan eles, llelos leo eu.

O artigo terceiro di, anuncieilles: «O neno ou a nena debe ter dereito dende o seu nacemento a un nome e unha nacionalidade». Así que agora –propuxen– ides escribir nas follas os vosos nomes e o lugar de nacemento, como unha mostra de que todos temos dereito a un nome e a ser para sempre, co seu significado, de onde nacemos.

Decontado pasamos ao momento das preguntas, onde comprobo que coma nos outros colexios hai uns cativos que saben todas as respostas e ademais queren ofrecelas. Pola contra, outros calan e non participan. Entón comezo a mandarlles preguntas para estes que contestan con roibén na cara ou algo de vergoña. Trátase de que todos vaian entrando no xogo e colaboren.

Como último paso deste primeiro día pedinlles que escribiran un conto, aproveitando a historia que acababamos de ler, sen esquecer o terceiro artigo dos Dereitos do Neno e da Nena. Antes, deilles unha serie de **pautas** que deberían ter en conta: introdución, nó, desenlace, o título ao final, despois de repasar o texto, o emprego de recursos como o diálogo entre personaxes, o narrador en primeira ou terceira persoa, etcétera.

Segundo día

Martes

Como o día anterior non deu para máis, comezamos coa lectura dos contos realizados por cada alumno. Uns máis animados que outros, len para os demais o que tiñan escrito. Polo xeral son contos ricos en canto a recursos. Todos acaban nos vinte minutos que lles deixei. A lectura que realizan tamén é boa.

Coa lectura e a posterior votación realizada por eles mesmos do conto que máis lles gustara consumímo-las dúas horas do segundo día.

Terceiro día

Mércores

Comezamos cunha breve explicación que lles fun dando a cada un sobre aqueles aspectos que máis me gustaran do seu conto sen esquecer aquel outros sobre os que deberían corrixir algunhas cousas. En ningún dos días, a menos que fose porque o vira eu directamente nas súas libretas ou formulaban a dúbida eles mesmos, fixen especial fincapé na corrección ortográfica. Si lles salientei que repasaran o texto para corrixilo e que non dubidaran en coller o dicionario cando non estiveran seguros de como se escribía unha palabra ou do seu significado.

Na segunda hora propúxenlles establecer un **debate**. A diatriba foi que se adheriran a unha destas propostas: quedar no pobo, realizando labores de pesca, ou marchar á cidade. O reparto foi equitativo e contou ademais cunha curiosidade que non agardaba por ela de antemán, anque reflexionando despois sobre o tema, resulta lóxica: a **compoñente reivindicativa** máis propia das zonas industriais como Ferrol. Debo dicir que a meirande parte destes alumnos mugardeses naceron ou viñeron desa localidade tan próxima. Moito máis afeitos ás protestas sindicais, á reivindicación laboral ou a tomar postura diante de cousas como a instalación na ría de Reganosa, os cativos trasladaron ese sentir aos seus contos.

Como no primeiro día, despois que remataron todos leron os seus propios contos, os demais votaron e finalmente eu deilles o meu parecer a cada un deles.

Así rematamos as tres horas deste día.

Último día

Venres

O xoves non houbo obradoiro dado que tiñan un acordo co Concello para celebrar o Día da Bicicleta. Por iso o mércores demos tres horas e outras tres na xornada de hoxe.

Comezamos coa lectura doutro conto escollido por min.